

## EVOLUCIÓN DO MÁSTER NACIONAL DE FUTBOLÍN DE RÁBADE

O primeiro futbolín chegado á Vila de Rábade en 1952, fíxoo das mans do Sr. Ferreiro da “Casa Eliseo”, foi adquirido á empresa Escardibul de Valencia, mediante contrato de compra-venda, fixándose en 3.000 pesetas a cantidade económica a pagar por aquel entón, polo que os contatantes denominaron “MESA DE FÚTBOL DE SALÓN” e sendo imprescindible para a firma do contrato a presenza de dúas testemuñas... Unha vez instalada, preparada e acondicionada a mesa de xogo, a resposta non se fixo agardar por parte dos mozos da Vila, facendo un furor inusual entre eles...amosando pouco despois a súa xenialidades e a súa arte no manexo daquelas figuriñas que remedaban un partido de fútbol, sobre todo os días 2 e 22 de cada mes (datas das nosas famosas feiras mensuais) ante os mozos vidos de distintos puntos da comarca.

Poderían estes mozos imaxinar que 40 anos máis tarde virían xogadores e afeccionados de toda a xeografía española xogar e demostrar as súas habilidades a Rábade ¿?

Co que, uns anos máis tarde, a afección por este xogo –deporte que aumenta día a día na vila e se ten coñecemento de que se celebran os primeiros campionatos no ano 1956 no mencionado local sito precisamente fronte ó campo da feira, entre os mozos veciños do barrio.

Chegan os anos 60 e 70... e a paixón polo futbolín e os torneos seguen e seguen... en Rábade, acompañados esta vez polos guateques e a música dos Beatles (lembramos precisamente que a finais dos anos 60...no mencionado local fixo os seus primeiros pasos Xosé Manuel Candal Regueiro “Lolo” subido a unha banqueteta).

Foi entón, a finais dos 80, cando un grupo de amigos (entre os que se atopan: Lolo, futuro pentacamión de España de futbolín e Quico, actual alcalde de Rábade) se reúnen no seu bar habitual para botar as partidas de costume, cando empezan a pensar seriamente no que podía ser un gran campionato nacional coa súa correspondente publicidade e cuns premios acordes co evento que se quería realizar...Co motivo destas ideas surxe o primeiro gran torneo a nivel comarcal na xa desaparecida cafetería Chaplín, corría o ano 1986, participan 23 parellas da zona e disputan a gran final os rabadenses Lolo e Óscar contra Alfonso e Paco Rodas..

Pero tivo que ser o 12 de abril de 1992, cando se organiza o primeiro gran campionato en Rábade escollendo para o evento dous locais con ampla capacidade, e entregando por primeira vez premios en metálico cos seus correspondentes trofeos, sendo a participación multitudinaria, pero só a nivel galego, destacando a sorprendente presenza durante o desenvolvemento do evento das cámaras da televisión galega e do numerosísimo público existente, constituíndo un auténtico éxito, o cal deixou a porta aberta posiblemente ó **I GRAN MÁSTER NACIONAL DE FUTBOLÍN DE RÁBADE EN EL AÑO 1997**, onde nos propoñemos establecer unha data fixa única, para todos os anos vindeiros: Semana Santa, para aproveitar as vacacións destas datas e así facilitar a chegada á nosa Vila de Rábade do maior número de participantes e acompañantes posibles, pensando non só no pracer da práctica do bo futbolín senón tamén na festa lúdica-deportiva que pode orixinar na Vila coa súa enorme incidencia positiva no sector turístico, comercial e hostaleiro da comarca, como así quedou demostrado nos últimos anos.

Amén de ser un deporte Galego-Español, inventado por Alejandro Finisterre, reivindica con este acontecemento un lugar recoñecido a nivel Nacional, onde se entrelazan tantas casualidades que moitas veces nos preguntamos ou buscamos un porqué...**ALEJANDRO---GALICIA---FINISTERRE---RÁBADE---FUTBOLÍN---TERRA DE CAMPIÓN---TERRA DE INVENTORES**...Como ben relataba un xornalista galego: Galicia non pasará á historia por deseñar foguetes espaciais nin programas informáticos revolucionarios, pero ninguén poderá discutir a imaxinación literaria de Cunqueiro nin o realismo máxico de inventos como o futbolín.

Lonxe da nosa modestia, esta terra proporciona tamén hoxe en día os mellores xogadores desta disciplina a nivel mundial e atópase moi asentada non só a nivel das grandes categorías, senón tamén a nivel infantil tendo a proba máis palpable coa vitoria no último máster infantil dos rabadenses: Daniel e Jorge, o que nos leva a pensar noutro bo motivo para a consagración definitiva do Máster Rabadense.

A partir do ano 2000 coincidindo precisamente co 25º aniversario de Rábade como Concello e endosando ó Máster de Fútbolín dentro dos actos promovidos polo Concello, a participación medra de maneira abraiante sobrepasando os obxectivos previstos pola organización e establécese unha cifra récord de xogadores vidos de toda a xeografía española, o que dá lugar para o ano seguinte a pensar en novas fórmulas de competición... polo que se implantan no xogo varias e diversas modalidades (en movemento, en parado, individual, feminino e infantil) increméntanse os premios, acondiciónanse os locais, búscanse patrocinadores e os equipos empezan a aparecer con cores propias para o máximo disfrute de todos.

Pero o broche de ouro chegaría a pasada edición con novo récord de participación en tódalas modalidades, a enorme transcendencia mediática nos medios de comunicación e a impresionante presenza das cámaras da produtora catalá Tratart Produccions, gravando todo o evento para a súa longamentraxe sobre a historia do fútbolín.

Hoxe en día o Máster Nacional de Fútbolín que este ano contará coa súa IX edición é recoñecido como un, senón o mellor, dos organizados en toda a xeografía Española.

## **EVOLUCIÓN DEL MASTER NACIONAL DE FÚTBOLÍN DE RÁBADE**

El primer fútbolín llegado a la Villa de Rábade en 1.952, lo hizo de manos del Sr. Ferreiro de “ Casa Eliseo “ fue adquirido a la empresa escardibul de Valencia, mediante contrato de compra-venta, fijándose en 3.000 pesetas la cantidad económica a pagar por aquel entonces, por lo que los contratantes denominaron “ MESA DE FUTBOL DE SALÓN “ y siendo imprescindible para la firma del contrato la presencia de dos testigos ... Una vez instalada, preparada y acondicionada la mesa de juego, la respuesta no se hizo esperar por parte de los jóvenes de la Villa, haciendo un furor inusual entre ellos ... mostrando poco después sus genialidades y su arte en el manejo de aquellas figurillas que remedaban un partido de fútbol, sobre todo los días 2 y 22 de cada mes ( fechas de nuestras famosas ferias mensuales ) ante los jóvenes venidos de distintos puntos de la comarca.

Podrían estos jóvenes imaginar que 40 años más tarde vendrían jugadores y aficionados de toda la geografía española a jugar y demostrar sus habilidades a Rábade ¿?

Con lo que, unos años más tarde, la afición por este juego deporte aumenta día a día en la Villa y se tiene conocimiento de que se celebran los primeros campeonatos en el año 1.956 en el mencionado local, situado precisamente frente al campo de la feria, entre los jóvenes vecinos del barrio

Llegan los años 60 y 70 .. y la pasión por el fútbolín y los torneos siguen y siguen .. en Rábade, acompañados esta vez por los guateques y la música de los Beatles (Recordamos precisamente que a finales de los años 60 .. en el mencionado local hizo sus primeros pinitos José Manuel Candal Regueiro “Lolo” subido a una banqueteta )

Fue entonces, a finales de los 80 , cuando un grupo de amigos ( entre los que se encuentran: Lolo futuro pentacampeón de España de fútbolín y Quico actual alcalde de Rábade ) se reúnen en

su bar habitual para echar las partidas de costumbre, cuando empiezan a pensar seriamente en lo que podía ser un gran campeonato nacional con su correspondiente publicidad y con unos premios acordes con el evento que se quería realizar ... con motivo de estas ideas surge el primer gran torneo a nivel comarcal en la ya desaparecida cafetería Chaplín corría el año 1.986, participan 23 parejas de la zona y disputan la gran final los rabadenses Lolo y Oscar contra Alfonso y Paco Rodas ..

Pero tuvo que ser el 12 de abril de 1.992 , cuando se organiza el primer gran campeonato en Rábade escogiendo para el evento dos locales con amplia capacidad , y entregando por primera vez premios en metálico con sus correspondientes trofeos, siendo la participación multitudinaria, pero solo a nivel gallego, destacando la sorprendente presencia durante el desarrollo del evento de las cámaras de la televisión gallega y del numerosísimo público asistente, constituyendo un auténtico éxito, lo cual dejó la puerta abierta posiblemente al I GRAN MASTER NACIONAL DE FUTBOLÍN DE RÁBADE EN EL AÑO 1.997, Donde nos proponemos establecer una fecha fija única, para todos los años venideros: Semana Santa, para aprovechar las vacaciones de estas fechas y así facilitar la llegada a nuestra Villa de Rábade el mayor número de participantes y acompañantes posibles, pensando no solo en el placer de la practica del buen fútbol sino también en la fiesta lúdica deportiva que puede originar en la Villa con su enorme incidencia positiva en el sector turístico, comercial y hostelero de la comarca, como así quedo demostrado en los últimos años.

Amen de ser un deporte Gallego Español , inventado por Alejandro Finisterre , reivindica con este acontecimiento un lugar reconocido a nivel Nacional, donde se entrelazan tantas casualidades, que muchas veces aún nos preguntamos o buscamos un porque ... ALEJANDRO --- GALICIA --- FINISTERRE --- RABADE --- FUTBOLIN --- TIERRA DE CAMPEONES --- TIERRA DE INVENTORES .... Como bien relataba un periodista gallego : Galicia no pasará a la historia por diseñar cohetes espaciales ni programas informáticos revolucionarios, pero nadie podrá discutir la imaginación literaria de Cunqueiro ni el realismo mágico de inventos como el fútbol

Lejos de nuestra modestia, esta tierra proporciona también hoy en día los mejores jugadores de esta disciplina a nivel mundial y se encuentra muy asentada no solo a nivel de las grandes categorías, sino también a nivel infantil teniendo la prueba mas palpable con la victoria en el ultimo master infantil de los rabadenses : Daniel y Jorge , lo que nos lleva a pensar en otro buen motivo para la consagración definitiva del Master Rabadense

A partir del año 2.000 coincidiendo precisamente con el 25º aniversario de Rábade como Ayuntamiento y endosando al Master de Fútbol dentro de los actos promovidos por el ayuntamiento la participación crece de manera abrumadora sobrepasando los objetivos previstos por la organización y se establece una cifra record de jugadores venidos de toda la geografía española , lo que da lugar para el año siguiente a pensar en nuevas formulas de competición .. por lo que se implanta en el juego varias y diversas modalidades ( En movimiento, en parado, individual, femenino e infantil ) se incrementan los premios , se acondicionan los locales, se buscan patrocinadores y los equipos empiezan a aparecer con colores propios para el máximo disfrute de todos.

Pero el broche de oro llegaría la pasada edición con nuevo record de participación en todas las modalidades, la enorme trascendencia mediática en los medios de comunicación y la impresionante presencia de las cámaras de la productora catalana Tratart Produccions , grabando todo el evento para su largometraje sobre la historia del fútbol

Hoy en día el Master Nacional de Fútbolín que este año contara con su IX edición es reconocido como uno , sino el mejor , de los organizados en toda la geografía Española.